



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Pico Seco [(Dozón e Lalín, Pontevedra) (O Irixo, Ourense)], promovido por AEROGENERACIÓN GALICIA S.L. clave 2011/0088,

EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento ambiental*" afectaría a 1 hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea: 4020 *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*.
2. Que, de acordo co "*Documento ambiental*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 7 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Rana iberica*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Galemys pyrenaicus*).
3. Que, de acordo coa evolución recente da presenza de *Gyps fulvus* en Galicia, a afirmación de que esta é unha "especie no presente en el parque" contida na pág. 23 do "*Documento ambiental*" resulta cando menos pouco rigorosa.

SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Pico Seco [(Dozón e Lalín, Pontevedra) (O Irixo, Ourense)], promovido por AEROGENERACIÓN GALICIA S.L. clave 2011/0088, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe alternativas para evitar o impacto (de aeroxeneradores e viais de acceso) sobre o hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea existente na zona.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Rana iberica*, *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata* e morcegos: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011